

EMERGENCY EXIT

Lluís Miñarro, 2025

1652

ESTREA EN NUMAX: 20.12.2025 | V.O. | +16 | 97 min

Na estación de autobuses dunha gran cidade, pasaxeiros de todo tipo soben a un autobús, o 8, cun estraño destino: Circunvalación. O condutor leva pelo longo e toda a pel cuberta de tatuaxes de ósos, como se puideramos ver o esqueleto que hai debaixo del. O seu rostro é un misterio.



Entrevista con Lluís Miñarro: «Todos estamos vampirizados polo cinema»

Por Fernando Bernal

As súas tres películas de ficción, a pesar de transcorrer en momentos históricos distintos, teñen un vínculo a través desa forma de enfrontarse ao feito narrativo ou ás formas de narrar. Hai algo común en todas e é poñer en cuestión o que entendemos por espazo e tempo. En todas as miñas películas o espazo e o tempo cobran outra dimensión. Non teñen un comportamento narrativo ao uso, hai rupturas que teñen que ver co sentido común, pero que tamén teñen unha parte de anarquía, tanto no contido como na linguaxe cinematográfica empregada. Tamén é certo que as tres ficcións responden a momentos moi concretos de cousas que me impresionaron. *Stella cadente* (2014) era un momento, co goberno de Mariano Rajoy, no que había un certo descrédito do cinema español e isto moveume a investigar sobre este personaxe escuro da historia de España que é Amadeo de Saboya. No caso de *Love Me Not* (2019) foi a prisión de Abu Ghraib e as imaxes do que aconteceu naquel sitio, ver como a historia se repite, desde a Biblia até o de agora, co que estamos a ver agora en Palestina. Nesta ocasión, o que me moveu é quitarlle ferro ao tema da morte. Para min a morte non existe como a percibimos en Occidente, son máis propenso a interpretala como se fai en Oriente. A miña intuición é que non se acaba nada, senón que se abre outra porta.

Propón esta reflexión a través duns personaxes que están en continúa circunvalación. Os personaxes son pobres diaños, cada un coas súas historias. Temos a esas dúas *vedettes* ancoradas no tempo, que dalgún modo podían lembrar a Stan Laurel e Oliver Hardy, e que son dúas musas de Rohmer e Tanner, como Arielle Dombasle e Myriam Mézières. Unha persoa nun proceso creativo, como o personaxe de Albert Plá, que se cuestiona a importancia do guión. Despois está o personaxe de Eros, que é como o anxo de *Teorema* (Pier Paolo Pasolini, 1968), que a partir do desexo quere conquistar a todos. Así, podémolos ir descifrando a todos.

Neste sentido, resulta moi relevante o papel de Marisa Paredes. O seu papel sempre estivo deseñado como unha revisitación da súa propia vida, unha actriz en proceso de ocaso que revisaba a súa historia. Algo que non podería facer ningunha actriz máis glamourosa que Marisa en España. Co seu falecemento, o seu personaxe ten unha dimensión estraña, é como unha sinerxia. É a súa última película, pero non quero que iso quede nunha anécdota. As fotografías que aparecen son de Chema Prado, e sobre elas fala de Raoul Ruiz, Ripstein, Oliveira... xente coa que ela traballou. Escolleunas ela, e o que ela di é unha reflexión persoal, non un diálogo escrito por min.

Marisa Paredes, citando a Manoel de Oliveira, fala do cinema como un veneno que non se pode parar. É o que dicía Víctor Erice coa *Morte rouge* (2006), que foi vampirizado desde que a imaxe o secuestrou. Todos, incluíndo os críticos, estamos vampirizados polo cinema. É algo que ten tanta forza e é tan revelador –pertence a un territorio tan estraño como é o dos sonhos–, que nos arrebatou a todos.

Publicado en caimanediciones.es